

ANEXO

Solicitud de participación na IV convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros docentes da USC (2022)

Centro propoñente: ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA (ETSE)	
Denominación da práctica: ENQUISA DE AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS	<input checked="" type="checkbox"/> Xeral <input type="checkbox"/> Específica
Proceso(s) do SGC implicado(s): Proceso clave: PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas Proceso de soporte: PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades	
Datas de desenvolvemento da práctica: Planificación: Curso 2014-15 Implantación: Curso 2015-16 Avaliación: Cada vez que se realizan Axuste e mellora: Non se aplicaron cambios	
Breve descrición da práctica: Esta enquisa forma parte dun grupo de enquisas relacionadas coa docencia que se realizan desde a ETSE aos diferentes grupos de interese co fin de obter información adicional á propocionada polas enquisas oficiais da USC e así poder tomar decisións en base á análise dos datos obtidos: Estudantes de nova incorporación, Carga de traballo e avaliación continua, Adquisición de competencias e Inserción Laboral. Os títulos de Grao e Máster constrúense a través da definición dunhas competencias entendidas como o conxunto de coñecementos, capacidades e habilidades academicamente relevantes, que o título universitario lle confire ao estudiantado. En cada materia, o profesorado avalía a adquisición por parte do alumnado de todas as competencias que aquela ten asignadas (básicas e xerais, transversais e específicas), pero é interesante dispor dunha visión máis global que tente estimar o perfil, en termos de adquisición de competencias, dos/as nosos/as graduados/as. Así, esta enquisa ten como finalidade mellorar o coñecemento do perfil de egreso dos/as estudantes das titulacións do centro. Realízase con periodicidade bianual, alternandoa para as titulacións de Grao e Máster. Recolle a opinión de diferentes colectivos: estudantes do último curso, egresados/as, profesores/as e empregadores/as, sobre a eficacia da docencia que se imparte nos títulos do centro de cara a obter as competencias que se indican nas correspondentes memorias das titulacións. O/a responsable de calidade do centro encárgase de facer a enquisa, que se envía vía correo electrónico mediante a ferramenta online <i>e-encuesta.com</i> , e os/as coordinadores/as dos títulos da explotación dos resultados obtidos. O informe elaborado preséntase á Comisión de Título e a Comisión de Calidade do centro e os resultados inclúense na Memoria de Calidade e utilízanse para definir accións de mellora no caso de ser necesario.	
Breve avaliación da eficacia da práctica: A enquisa de avaliación de competencias leva desenvolvéndose na ETSE desde o curso 2015-16 de forma periódica e recolle as opinións do estudiantado de último curso, profesorado, egresados/as e empregadores/as, sendo de especial interese comparar ás opinións dos diferentes colectivos. En particular, a visión dos/as egresados/as dos nosos títulos que xa están integrados/as no mundo profesional resulta de especial importancia. Por outra parte, a visión dos/as empregadore/as tamén é fundamental para coñecer o grao de adaptación dos ensinso que impartimos ao mercado laboral ao cal deben incorporarse os/as nosos/as titulados/as.	

Os resultados analízanse para detectar puntos fortes pero sobre todo aqueles puntos débiles sobre os que é preciso actuar expondo accións de mellora, especialmente cando a opinión de máis dun colectivo vai no mesmo sentido.

Por outra parte, avalíase a taxa de resposta dos diferentes colectivos para confirmar que podemos garantir a representatividade dos resultados obtidos e polo momento poden considerarse satisfactorias, particularmente, cunha boa resposta dos colectivos externos ao centro egresados/as e empregadores/as.

Prégase brevidade e concisión na descrición e na avaliación da práctica. No caso de precisar máis espazo, pódese agrandar os cadros de texto e empregar ata un máximo de 3 páxinas en total.